

LETRAS GALEGAS DE ALCANCE GLOBAL

AS RECENTES TRADUCIÓNS AO INGLÉS DE CLÁSICOS E CONTEMPORÁNEOS CONTRIBÚEN A DAR PASOS NO VIEIRO DA DIFUSIÓN INTERNACIONAL DA LITERATURA ESCRITA NA LINGUA DE ROSALÍA

Xesús Fraga

Na obra de Álvaro Cunqueiro o lector pode atopar grandes personaxes da literatura, como Merlín, Sinbad ou Hamlet, creacións clásicas que grazas ao talento do escritor mindoniense falan galego e se insiren na súa cultura. Noutro contexto, Lois Pereiro foi quen de incorporar as súas influencias literarias, musicais e cinematográficas, especialmente as correntes europeas contemporáneas, nunha estética que mestura, igual que Cunqueiro, o propio e o universal de xeito indisoluble.

Ambos os dous, como outros escritores galegos, son donos dunha obra de alcance global, e nos últimos meses veñen de ampliar o seu número de lectores potenciais en lingua inglesa grazas á tradución de senllos libros, *Xente de aquí e acolá*, no caso de Cunqueiro, e a poesía completa, no de Pereiro, publicados pola editora Small Stations Press.

O responsable deste selo é Jonathan Dunne, un veterano tradutor que xa verteu ao inglés numerosas obras galegas e responsable da escolma *Anthology of Galician Literature 1196-1981* (na actualidade prepara un segundo volume, correspondente ao período 1981-2011) e do suplemento sobre poesía galega da *Poetry Review*, a revista da Sociedade Poética do Reino Unido. En colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo, Small Stations creou a colección *Galician Classics* co obxectivo non só de que o lector inglés poida acceder a clásicos galegos, senón tamén situalos no seu contexto lingüístico e cultural. «Non son títulos illados, senón que van formando unha estrutura, un conxunto, no que o lector pode esperar atopar libros dunha certa calidade e dun certo estilo», explica Dunne. A «boa aceptación» dos primeiros títulos levou ao tradutor e editor a poñer en marcha nun futuro próximo outra colección dedicada aos clásicos galegos contemporáneos.

SÍNTOMA CLARO

A aparición destes dous títulos, xunto coas recentes antoloxías *To the Winds our Sails* e *Breogán's Lighthouse* e obras individuais como *Hords of Writing* (*Hordas de escritura*), de Chus



NARRATIVA

«Folks from Here and There»

Álvaro Cunqueiro. Tradución de Kathleen March. Small Stations. 140 páxinas. 14 euros. ***



POESÍA

«Collected Poems»

Lois Pereiro. Tradución de Jonathan Dunne. Small Stations. 189 páxinas. 14 euros. ***



Álvaro Cunqueiro, arriba, e Lois Pereiro, á esquerda, son autores traducidos ao inglés e publicados por Small Stations Press, nunha colección de clásicos posta en marcha coa colaboración da Consellería de Cultura e Turismo

galegos e as editoriais anglosaxónicas», expón. O tradutor leva anos tentando poñer en marcha unha oficina de promoción de literatura galega que visualice aos autores, «que cree contactos directos cos editores e forneza bo material para as revistas literarias de lingua inglesa, que son o primeiro paso para calquera autor que queira saír do seu país».

A escritora canadiana Erín Moure, que traduciu a Chus Pato ao inglés, coincide con Dunne en que a calidade da literatura galega a fai merecente de ser máis difundida en círculos internacionais. Segundo Moure, a recepción da poesía de Pato está a ser «moi boa». «Traducindo a Pato ou a Rosalía convidó a xente a coñecer non só a súa obra, senón que tamén abro portas á cultura galega».

Dunne amósase partidario de incrementar as axudas ás traducións, presentar aos autores a través de sinopses e mostras dos seus textos publicadas en revistas estranxeiras e chegar a acordos con editoriais. «Tedes uns narradores realmente bos que seguen a estar descoñecidos», conclúe.

Pato, son un síntoma claro de que as letras galegas avanza no camiño da internacionalización. Segundo publican no último número de *Grial* Á. Fernández, I. Galanes, A. Luna e S. Montero, o Catálogo de Tradución Galega do grupo investigador Bitraga, da Universidade de Vigo, cifra en 77 as obras vertidas do galego ao inglés dende 1981, das que 26 se enmarcan na literatura infantil e xuvenil. O autor máis traducido é Manuel Rivas, quen con Domingo Villar é o autor galego contemporáneo máis difundido no ámbito anglófono.

Dunne cre que este vieiro pode ampliarse. «Estou convencido de que é perfectamente posible exportar máis autores e que isto se debe facer, pero ten que haber bo material en traducións literarias (non feitas por un galego) e unha ponte de comunicación entre os autores